

Respectemos o templo

Xesús: hoxe vímoste no templo anoxado, deuche coraxe ver que haxa xente sen escrúpulos que utilizan a relixión, a fe, para facer un negocio lucrativo.

Como sentirás ao vernos a nós na nosa igrexa? Hai veces que entramos distraídos e charlando ou estamos como idos, noutra parte, non participamos nas respostas nin nos cantos, as celebracións non son o encontro desexado contigo.

Hai veces que quedamos nos ritos, sen sentir a túa presenza, sen escoitar de verdade a túa Palabra ou deixarnos transformar polo teu Pan. Como nos gustaría que o templo fose lugar de oración e de encontro contigo. Como nos gustaría levarte no corazón, o mellor santuario.

Como nos gustaría que ninguén profanase o templo do irmán cando o utilizamos ou maltratamos. Grazas Señor por este belo templo, axúdanos a conservalo para orar nel e atoparnos en comunidade .

„JESÚS EN SU CASA ESPERA LO MEJOR DE NOSOTROS

Al entrar, arrodíllate,
saluda a Jesús y a María.



No corras, sube en
silencio

Quita la
gorra y
apaga el
móvil



Ve contento,
disfruta de su
Pan y de su
Palabra



Guarda silencio, no
interrumpas a los que
están orando

Participa en los cantos y
en las respuestas



Acércate a comulgar con devoción
y contesta: "Amén".



Visita a Xesús no templo, pasa, senta, fala con El. Pídelle que te axude a baleirarte do que te sobra, a cambiar e vivir para El.

Aprended de mí,
sed mansos
y humildes de
corazón

cuaresma

...de oficio en oficio hasta llegar a LOS OFICIOS

CICLO B

Jesús, el Buen Maestro, el hijo del carpintero me enseña a VIVIR. En esta cuaresma escuchando su PALABRA seré su buen aprendiz de...



cançon "Jesús, el maestro de los oficios"



O Maestro Xesús ensíname o oficio de árbitro

Coresma 3º-B

ÉXODO (breve) 20, 1-3. 7-8. 12-17: A Lei deuse por medio de Moisés.

Naqueles días, o Señor pronunciou estas palabras: «Eu son o Señor, o teu Deus, que te saquei da terra de Exipto, da casa de escravitude. Non terás outros deuses fronte a min. Non pronunciarás o nome do Señor, o teu Deus, en falso. Porque non deixará o Señor impune a quen pronuncie o seu nome en falso. Lembra o día do sábado para santificalo. Honra a teu pai e á túa nai, para que se prolonguen os teus días na terra, que o Señor, teu Deus, vai darche. Non matarás. Non cometerás adulterio. Non roubarás. Non darás falso testemuño contra o teu próximo. Non cobizarás os bens do teu próximo. Non cobizarás a muller do teu próximo, nin o seu escravo, nin a súa escrava, nin o seu boi, nin o seu asno, nin nada que sexa do teu próximo». Palabra do Señor.

SALMO 18: R/- Señor, ti tes palabras de vida eterna.

1ª CORINTIOS 1, 22-25: Predicamos a Cristo crucificado, escándalo para os homes; pero paralos chamados é sabedoría de Deus.

XOÁN 2, 13-25: Destruíde este templo, e en tres días levantareino.

Narrador: Achegábase a Pascua dos xudeus e Xesús subiu a Xerusalén. E atopou no templo os vendedores de bois, ovellas e pombas, e os cambiadores sentados; e, facendo un azoute de cordeis, botounos a todos do templo, ovellas e bois; e aos cambiadores espaxeoulles as moedas e envorcoulles as mesas; e aos que vendían pombas díxolles:

Xesús: -«Quitade isto de aquí: non convertades nun mercado a casa do meu Pai».

Narrador: Os seus discípulos acordáronse do que está escrito: «O celo da túa casa devórame». Entón interviñeron os xudeus e preguntáronlle:

Xudeus: -«Que signos nos mostras para obrar así?».

Narrador: Xesús contestou:

Xesús: -«Destruíde este templo, e en tres días levantareino».

Narrador: Os xudeus replicaron:

Xudeus: -«Corenta e seis anos custou construír este templo, e ti valo levantar en tres días?»

Narrador: Pero el falaba do templo do seu corpo. E cando resucitou de entre os mortos, os discípulos acordáronse de que o tiña dito, e creron á Escritura e á palabra que Xesús dixera. Mentres estaba en Xerusalén polas festas de Pascua, moitos creron no seu nome, vendo os signos que facía; pero Xesús non se confiaba a eles, porque os coñecía a todos e non necesitaba o testemuño de ninguén sobre un home, porque el sabía o que hai dentro de cada home.

Palabra del Señor.

(Narrador-Xesús-Xudeus).



Jesús está en el Sagrario

Buscamos el Sagrario y saludamos a Jesús que nos espera ahí:

Hacemos una genuflexión, que es un gesto para adorar a Jesús.

La hacemos con pausa y le decimos con el corazón cuánto le queremos.



Material oficios de Fano:

<https://odresnuevos.es/2024/02/05/material-cuaresma-fano-2024/>

Canción Jesús, el Maestro:

<https://youtu.be/LKbp8N6puBU?si=3P8R8mJ3GWhNKIkM>



O Mestre Xesús ensíname o oficio de árbitro

1. VER: O oficio de árbitro

- Continuamos a Coresma achegándonos a Xesús, o Bo Mestre, o fillo do carpinteiro que nos ensina a VIVIR. Da man de Fano seguimos unha dinámica de “oficios”, tratándoos de aprender e tamén de practicar para ser bos cristiáns. Tras os oficios de mensaxeiro e de montañeiro, Xesús exerce agora o oficio de “árbitro”. Que fai un árbitro? Nas competicións deportivas coída a aplicación do regulamento e sanciona as infraccións, sacando “tarxeta vermella”. Ás veces as súas decisións son moi cuestionadas. **Que es un árbitro? Que se lle pide?**

2. XULGAR: Xesús ensínanos o oficio de árbitro

- No 3º domingo de Coresma, Xesús Árbitro entra no templo e bota fóra os vendedores de animais e aos que cambiaban diñeiro dicíndolles: «Quitade isto de aquí: non convertades nun mercado a casa de meu Pai».

Xn. 22,13-25, Fundación Ramón Pané, película: <https://youtu.be/wCzuBQHliug>

QUE NOS QUERE DICIR XESÚS?

- Xesús ten claro que o templo é a Casa de Deus. A el imos atoparnos con Deus, a rezar, a escoitalo, a cambiar a nosa vida, a participar nas celebracións.

- Pero Xesús, ao entrar no templo, descobre que os que están nel non cumpren ese regulamento, converteron o templo nun mercado e a oración faise de calquera modo. Por iso, Xesús-Árbitro sácalles “tarxeta vermella” e bótaos a todos á rua.

- Como aprendices de Xesús-Árbitro, temos que descubrir varias cousas:

Ter claro que a parroquia, e o templo máis, é a Casa de Deus. Non é un supermercado onde negociamos con Deus comprando o seu perdón. Á nosa nai non lle compramos o perdón dándolle dous euros senón pedíndolle perdón. Pensa se te preparas para ir o domingo ao templo, como te comportas dentro, se gardas silencio ou charlas, se tratas de comunicarte con Xesús ou te aburres mentres “din misa”... Ter claro tamén que o templo do noso espírito estea tamén limpo de toda corrupción: de pecado, de envexas, de mal xenio, de poñer malas caras, de malas contestacións... Baléirate de todo o que hai de lixo no teu corazón.

- Como aprendices de Xesús-Árbitro, temos que “practicar” o que sabemos, porque El tamén espera que nós sexamos “árbitros”: axudar a outros a vivir o regulamento da casa de Dios, o que se debe facer e non, e ser os primeiros en ser respectuosos, gardar silencio... E se fai falta saquemos “tarxeta vermella” con agarimo e humildade aos que non nos deixen orar ou convertan a casa de Dios en mercado ou un teatro que só busca nosa vangloria ou un espectáculo que non agrada a Deus.

Camiños de conversión, Verbo Divino 2024, reflexión: <https://youtu.be/hW17bOMglYg>

A que te está chamando o oficio de árbitro nesta Coresma?

3. ACTUAR: Comeza o oficio de árbitro

- Continúa aprendendo este oficio de ser árbitro que respecta e fai respectar a Casa de Deus para desfrutar mellor do encontro con Deus. Mira de baleirar de tu corazón.

Canto: Xesús, o Mestre: <https://youtu.be/LKbp8N6puBU?si=3P8R8mJ3GWhNKIkM>

Que vas facer esta semana?